

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE ABRIL DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Mª Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día oito de abril do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do 8 de abril de 2019), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 3 DE ABRIL DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día tres de abril de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 3 de abril de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde HAC/394/2019, do 3 de abril, do Ministerio de Facenda, pola que se fixan as cantidades das subvencións aos gastos orixinados por actividades electorais para as eleccións ao Parlamento Europeo e locais do 26 de maio de 2019. BOE núm. 83 do 06-04-2019.
- Anuncio do 1 de abril de 2019, do Consorcio As Mariñas, de aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio económico de 2019. BOP núm. 66 do 05-04-2019.
- Anuncio do 1 de abril de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación, na concelleira D.ª Marta María Iglesias Becerra, do exercicio da competencia pra a celebración de matrimonio civil entre M.L.S.A. e R.V.A.D. o día 30-03-2019, ás 19.30 horas. BOP núm. 66 do 05-04-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13100CC	USG/2019/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2Y28 0863 323Y 4V4J 15ZF	

- Anuncio do 3 de abril de 2019, do Ministerio de Economía e Empresa -Instituto Nacional de Estadística -Delegación Provincial da Coruña-, polo que se fai pública a relación de Seccións, Mesas e Locais Electorais para as Eleccións Locais e ao Parlamento Europeo 2019. BOP núm. 67 do 08-04-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. alcalde en funcións dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 441 de data do 26/03/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de gas natural ao edificio situado na R/. Visitación de la Encina, núm. 9 - O Burgo.
- Resolución núm. 442 de data do 26/03/2019, pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de gas natural á vivenda situada na R/. San Xiao, núm. 15, de Almeiras.
- Resolución núm. 443 de data do 26/03/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público da rede de sumidoiros, ao local situado na Avda. de Almeiras núm. 52A, para a actividade de ximnasio.
- Resolución núm. 444 de data do 26/03/2019, pola que se require ao herdeiros de D. J. R. C. A., para que no prazo dun mes retire o vehículo abandonado fronte ao edificio municipal de Servizos Múltiples do Burgo, modelo VOLVO de cor branca, matrícula C-0148-BM.
- Resolución núm. 445 de data do 26/03/2019, pola que se require a I. O. A., para que no prazo dun mes retire o vehículo abandonado no polígono industrial da Marisqueira, fronte á nave B, modelo Seat Inca de cor branca, matrícula C-8018-BU.
- Resolución núm. 472 de data do 26/03/2019, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de “Acondicionamiento polideportiva descubierta de Fonteculler, Culleredo (A Coruña)”, cun presuposto de 174.970,46 €.
- Resolución núm. 473 de data do 26/03/2019, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de LMT SMC 705, en As Catas – Almeiras.”

C.I.F. P-1503100-H

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da Concellería delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
01/04/19	476	Conceder o Xantar na casa.	A. G. C.	Sete días da semana.

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao**

vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
01/04/2019	477	Concesión de axuda económica	L.J.V.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de outubro (230 €), novembro (230 €) decembro (230 €) de 2018 e xaneiro (230 €) e parte de febreiro (155 €) de 2019.	1.075,00 €
01/04/19	478	Concesión de axuda económica	M.T.P.	<p>Pago de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018.</p> <p>Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019.</p> <p>Pago de recibos de electricidade correspondente a outubro (76,17 €), novembro (73,83 €), decembro (87,50 €) de 2018 e xaneiro (93,22 €) de 2019.</p> <p>Pago de recibos de electricidade correspondente aos meses de febreiro a outubro de 2018.</p> <p>Pago de recibos de gas correspondente aos meses de outubro 2018 a outubro 2019.</p>	73,63 € 330,72 €

C.I.F. P-1503100-H

A concelleira de Benestar social e Igualdade da conta á XUNTA DE GOBERNO do día 8 de abril de 2019 dos seguintes ASUNTOS:

1. AREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE:

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

-- Intervención comunitaria: Liña de 3.A. de Convivencia familiar e protección á infancia

CAMPAÑA CONTRA O ACOSO ESCOLAR. Eu no son Cómplice. A Comisión contra o Absentismo escolar formada por persoal das Concellarías de Educación, Seguridade Cidadá e Benestar Social levará aos Centros de Educación Primaria durante o mes de abril unha Campaña contra o acoso escolar que leva este nome, aludindo ao papel que xoga quen cala ante estes abusos. Durante dúas sesións tratarán de educar á poboación infantil de 5º nivel, na adquisición de valores de tolerancia, empatía e actitudes de respecto nas relacións entre iguais a fin de

evitar que ningún neno nin nena se sinta illado na escola e isto pode repercutir negativamente na súa vida persoal, social, ou mesmo evitar conducirle ao abandono escolar.

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Dinamización social :**

ESPAZOS E AULAS DE BENESTAR SOCIAL: *ESPAZO SAÚDE*. Visita ao Monte de San Pedro.

Unha das actividades complementarias que se desenvolveu o pasado 4 de abril dentro do módulo Espazo Saúde foi a saída ao Monte de San Pedro da Coruña, onde o grupo de 36 participantes trasladouse en autobús ao parque e tivo a oportunidade de realizar a propia actividade nun espazo diferente, ao aire libre, descubriendo un lugar que forma parte do patrimonio natural e cultural da contorna contribuído ao mesmo tempo a busca dun estilo de vida saudable.

****Clube +65:**

O Club + 65 no marco do proxecto de homenaxe as persoas centenarias do concello, felicita o día 8 de abril a Elena Rodríguez Mendoza do Burgo que cumpre 100 anos, aínda que a celebración coa súa familia a fixeron o sábado 6. No nome do concello a concelleira de Benestar social e igualdade entregarlle un agasallo institucional.

**** Cooperación social:**

Fondo Galego de Cooperación internacional

O vindeiro martes 9 de abril, terá lugar unha entrevista en radio Culleredo cunha representante do Fondo Galego de Cooperación Social, do que noso concello é socio, dende a súa fundación, no ano 1997.

Nesta entrevista darase a coñecer, unha vez máis, á veciñanza de Culleredo que é o Fondo Galego de Cooperación intermunicipal e qué proxectos de sensibilización está a levar a cabo nos diferentes concellos de Galicia e no territorio dos países en vías de desenvolvemento de África e Latinoamérica.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECIFICOS:

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACION AS MULLERES:

O centro social municipal Amparo Prego Ruibal acolle un dos trece obradoiros promovidos pola área de Igualdade e Benestar Social de Deputación da Coruña arredor do feminicidio, en colaboración co CIM de Culleredo. A actividade realizarase o sábado día 13 de abril ás 18:00 horas.

O obxectivo deste obradoiro é definir e debater sobre a violencia de xénero e diferencial da violencia doméstica ou intrafamiliar a través da lectura do libro "Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión" de Carne Adán, encargada de impartir os obradoiros.

A autora é doutora en filosofía, ensaísta e política galega. Con ela compartiremos un espazo de debate e de reflexión arredor da violencia contra as mulleres, do patriarcado e da capacidade de transformación social que ten o feminismo. Tamén se falará da incorporación do feminicidio ao ordenamento xurídico, das novas dimensións da violencia contra as mulleres (con atención ás redes sociais) e das propostas para erradicar esa violencia.

Entregarase un exemplar do libro a cada persoa asistente.

PLAN COORDINADOR DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONSORCIO "AS MARIÑAS":

Gabinete de inserción sociolaboral :

Código do documento	Código do expediente
USG13100CC	USG/2019/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y28 0863 323Y 4V4J 15ZF	

Na procura de oportunidades de emprego para as persoas mais vulnerables, desde o Plan coordinador de SS do Consorcio As mariñas veñen de rematar os seguintes cursos de formación pre laboral impartidos en instalacións de Benestar social en Culleredo:

CURSO DE MANIPULADOR@ DE ALIMENTOS

Dirixido a: Persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), usuarias dos Servicios Sociais deste concello; en total asistiron 20 persoas das cales 18 obtiveron o diploma acreditativo.

Onde: No Centro Cívico Municipal Virginia Blanco de Fonteculler

Cando: Mércores 3 de abril, en horario de 17:00h a 21:00h (total duración: 4h)

Obxeto: Dotar de ferramentas a estas persoas en risco de exclusión social, para facilitar o seu acceso a un emprego.

CURSO DE LIMPEZA INTERIOR DE EDIFICIOS

Dirixido a: Persoas perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), [desempregad@s](#) de longa duración, usuarios dos Servicios Sociais deste concello; en total asistiron 15 persoas das cales 13 obtiveron o diploma acreditativo.

Onde: No Centro Cívico Municipal Virginia Blanco de Fonteculler.

Cando: Do 18 de febreiro de 2019 ata o 13 de marzo de 2019.

Duración: 40h (20h prácticas e 20h teóricas).

Obxeto: Dotar de ferramentas a estas persoas en risco de exclusión social de cara ao acceso ao emprego.

2. AREA DE SANIDADE:

PLAN DE PREVENCIÓN DE TRASTORNOS ADICTIVOS AdicciON-OFF

Acción: "NON PASA NADA, PASA ALGO":

Neste trimestre comenzaron as actividades de Educación para a saúde no Centros de ensino da localidade que se promoven dende a Concellaría de Benestar Social e Igualdade con competencias en sanidade .

Unha das actividades propostas desde o concello e solicitadas polos centros é a de "Non pasa Nada, pasa algo" a través da cal se pretende fomentar hábitos de vida saudable e facer prevención das adiccións non só de substancias senón tamén derivadas das tecnoloxías ou do xogo. Esta actividade estase levando a cabo en 4º da ESO e conta coa colaboración de persoal experto das Asociacións AGALURE (loita contra a adición ao xogo) e ACLAD (loita contra a droga)."

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellaría delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

A) ACTIVIDADE: Eu non son cómplice: campaña contra o acoso escolar.

Programa: Educación para a convivencia. Plan municipal contra o absentismo escolar (actividade realizada conxuntamente coa Concellaría de Benestar e Igualdade e coa de Seguridade).

Datas: 8, 9 10, 11 de abril.

Horario: de 11:10 a 11:50 h.

Centros participantes: CEIP Díaz Pardo.

Código do documento	Código do expediente
USG13100CC	USG/2019/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y28 0863 323Y 4V4J 15ZF	

Curso: 5º de EP.
Nº participantes: 72 x 2 sesións.
Lugar: Aula.

B) ACTIVIDADE: Concerto didáctico co CMUS: Aladín, e a orquestra de Oriente.

Programa: Educación musical e artística.

Data: 10 de abril.

Horario: ás 10:00 e ás 11:30 h.

Colexios participantes: CEIP Tarrío, CEIP Sofía Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo, e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 2º de EP.

Nº participantes: 270.

Lugar: Salón de actos do CMUS de Culleredo.

C) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.

Datas: 4 de abril (8ª sesión).

Horario: de 09:50 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP Vila de Rutis.

Curso: 3º- 4º EP.

Nº participantes: 16 + persoas maiores colaboradoras.

Lugar: Aula.

D) ACTIVIDADE: Teatralízate: Language Planning.

Programa: Educación musical e artística.

Data: 11 de abril.

Horario: de 11:00 a 12:15 h.

Centros participantes: IES Blanco Amor e IES Rego de Trabe.

Curso: 3º e 4º de ESO.

Nº participantes: 210.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos MKúltiples.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 9 DE ABRIL

-Salón de actos do Conservatorio. 17.30 h:

Culleredo soa en 44:05. Recital de piano de Javier Vázquez Grela.

-Salón de actos do Conservatorio. 19:30 h:

Cullencontro en 44:05. Charla de Margarita Soto sobre a ópera *Inés e Bianca*.

MÉRCORES 10 DE ABRIL

Biblioteca "Cardeso Liñares" de Vilaboa. 18.30 h:

Cancioneiro multicultural. De 0 a 100 anos. Entrada libre.

XOVES 11 DE ABRIL

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.30 h:

Audición didáctica de fruta, piano e conxunto de vento, a cargo de alumnos/as do Conservatorio. Entrada libre.

XOVES 11 DE ABRIL

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.

Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.

Entrada libre.

VENRES 12 DE ABRIL

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:

Código do documento	Código do expediente
USG13I00CC	USG/2019/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y28 0863 323Y 4V4J 15ZF	

Presentación do libro *Haikiños. De luces y sombras*, de María Míguez
Entrada libre.”

2.3.- SENTEZA 134/2019 DO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 574/2016.

O Sr. alcalde, en funcións, dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 134/2019 do Xulgado do Social núm. 3 da Coruña, no Procedemento Ordinario 574/2016, que estima a demanda presentada e en consecuencia declara que a relación laboral de A.M.R.F. iniciada o 1 de decembro de 2003 e finalizada o 5 de abril de 2015 é indefinida non fixa e en consecuencia condena ao Concello a abonar a A.M.R.F. en concepto de indemnización 12.731€.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H

(Asinado dixitalmente nesta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente nesta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).